

Resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción: "Fomento da mobilidade sostible. Senda na PO-223. Treito: O Couso- O Sobral. P.Q (puntos quilométricos). 3+600- 5+760", de clave PO/16/262.06 .

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro. No *DOG* núm. 200, do 2 de outubro de 2020, publicouse o Anuncio do 16 de setembro de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción: Fomento da mobilidade sostible. Senda na PO-223. Treito: O Couso- O Sobral. P.Q. 3+600- 5+760 de clave PO/16/262.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado, para os efectos do previsto no artigo 56.1 do Regulamento da lei de expropiación forzosa, aprobado polo Decreto de 26 de abril de 1957.

Segundo. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes, e no trámite de información pública formuláronse alegacións polas persoas interesadas. A todas elas déuselles resposta motivada, segundo figura no informe que consta no expediente, que lle foi notificado ás administracións ás que se lles deu trámite de informe e aos particulares que presentaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG n.º 179, do 20 de setembro).

Segundo.- O artigo 21.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que transcorridos os prazos dos trámites de información pública e informe das administracións afectadas e recibidas as alegacións e informes presentados, darase resposta motivada ás alegacións formuladas. O informe resultante poñerase á disposición das persoas interesadas e notificaráselles ás administracións



ás que se lles dese trámite de informe e aos particulares que presentasen alegacións. Finalmente, resolverase tamén sobre a aprobación do expediente de información pública.

Logo de revisados os informes emitidos e as alegacións formuladas, procede introducir as seguintes modificacións relativas ao trazado sometido á información pública:

- A parada de autobús e a semiglorieta do punto quilométrico (P.Q.) 3+890, marxe dereita, redeseñaranse adoptando parámetros mínimos, co propósito de optimizar e reducir a afección á parcela lindeira.
- Disporanse tres prazas de aparcamento no vial local situado non P.Q. 5+460, marxe dereita.

Deberase ter en conta o proxecto construtivo "MSV na estrada PO-224, P. Q. 2+440-2+830, San Andrés de Xeve", PO/20/030.06, para os efectos de coordinar as actuacións recollidas neste, cuxo ámbito de actuación na propia PO-223 está comprendido entre os pp. qq. 4+610 e 4+830, as cales consisten en:

- Mellorar a actual intersección en cruz coa estrada autonómica PO-223, p.q. 2+670.
- Reordenar o espazo público na contorna do colexio CEIP Santo Andrés de Xeve, como consecuencia das actuais deficiencias en canto a zonas de aparcamento e estacionamento, paradas de autobuses, confluencia de manobras, delimitación clara dos usos do espazo público, etc.
- Provocar unha diminución da velocidade no tramo de estudo.
- Dispoñer un itinerario peonil/ciclista que permita a conexión do núcleo poboacional de Sobral co colexio CEIP Santo Andrés de Xeve ao longo da estrada autonómica PO-224.

O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.

No seu apartado 5, o mesmo artigo indica que a aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados así como para a traza de planta do proxecto e as modificacións desta que, de ser o caso, se



puideren aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.

No punto 6 do mesmo artigo 22 indícase que "logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos nesta lei serán efectivas respecto dos terreos que afecte a actuación correspondente".

De acordo co que establece o artigo 23 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, e as determinacións que neles se conteñen terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, sen prexuízo de que as entidades locais nas que se asenten as infraestructuras obxecto do proxecto deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto.

Polo exposto, o Concello de Pontevedra deberá adaptar o seu planeamento urbanístico na súa primeira modificación ou revisión ao contido no proxecto.

Terceiro.- Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e aos efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de Expropiación Forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tralos informes e certificados presentados,

RESOLVO

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública do proxecto de construción: "Fomento da mobilidade sostible. Senda na PO-223. Treito: O Couso- O Sobral. P.Q. 3+600- 5+760 de clave PO/16/262.06 , coas modificacións relativas ao trazado sometido á información pública que se indican no fundamento de dereito segundo.



Segundo. Aprobar o proxecto de construción: "Fomento da mobilidade sostible. Senda na PO-223. Treito: O Couso- O Sobral. P.Q. 3+600- 5+760 de clave PO/16/262.06 nos termos indicados no apartado anterior.

Terceiro.- Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Pontevedra deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, na súa primeira modificación ou revisión.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.>>

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A Conselleira de Infraestructuras e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestructuras

Francisco Menéndez Iglesias

